
ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CELEBRADA O DÍA 10.2.2017 (EXP.055-SERVPA16).

Na sala de Xuntas da Casa do Concello de Monforte de Lemos, sendo as 10:06 horas do día 10.2.2017, reúnese, habendo sido debidamente convocados ao efecto, os seguintes membros que conforman a Mesa de Contratación.-

Presidente/a da Mesa:

D. José Tomé Roca (Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos) .

Vogais:

D^a. Gloria M^a. Prada Rodríguez (Concelleira Delegada de Réxime Interno)

D. José Luis Losada Fernández (Concelleiro Delegado de Medio Rural e Servizos).

D^a. M^a Buján Arias (Interventora Acctal).

D. José M^a Baños Campo (Secretario Xeral.

D. Miguel Martínez Díaz (Inspector Acctal da Policía Local).

Secretario/a:

D. José M^a Valcarce Rodríguez (Tag).

Comprobada a existencia do preceptivo quórum, pola presidencia declárase perfectamente constituída a Mesa de Contratación e cumpridas as formalidades esixidas pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, procédese ao estudo e debate do primeiro dos asuntos da orde do día da convocatoria da sesión, a saber.-

- *Apertura en acto privado do **Sobre nº1: "Documentación Administrativa Previa"** dos licitadores concorrentes ao procedemento para a contratación do **DO SERVIZO DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, TRASLADO DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA, DEPÓSITO E CUSTODIA DOS MESMOS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.055-SERVPA16).***

Polo Secretario da Mesa se informa dos licitadores concorrentes ao procedemento e acto seguido se procede á apertura dos Sobres nº 1 dos mesmos, segundo orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello, resultando o seguinte.-

GRUAS LEMOS, S.L.- A documentación achegada se axusta ao esixido na cláusula 14º do prego de cláusulas administrativas particulares.

DESGRU MONFORTE, S.L.- A documentación achegada se axusta ao esixido na cláusula 14º do prego de cláusulas administrativas particulares.

En virtude do exposto, a Mesa de Contratación, pola unanimidade dos seus membros, acorda admitir a licitación ás empresas concorrentes e continuar con elas o procedemento pasando, de conformidade coa cláusula 17º do PCAP ao estudo e debate do segundo punto da orde do día.-

- **Apertura, en acto público, dos Sobre nº2: "Criterios cuantificables de forma automática" dos licitadores admitidos ao procedemento para a contratación DO SERVIZO DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, TRASLADO DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA, DEPÓSITO E CUSTODIA DOS MESMOS DO CONCELLO DE MONFROTE DE LEMOS (EXP.055-SERVPA16).**

Polo Secretario da Mesa de Contratación, se procede á apertura dos Sobres nº 2 dos citados licitadores e cuxo resultado é o seguinte.-

EMPRESA	PREZO OFERTADO (IVE incluído)	ANTIGÜIDADE DO VEHÍCULO
GRUAS LEMOS, S.L.	39.927,58.-€/anuais	Ata 10 anos.
DESGRU MONFORTE, S.L.	33.562,98.-€/anuais	Ata 6 anos.

De seguido e á vista do contido dos citado sobre nº 2 pola Mesa de Contratación procédese, de conformidade coa cláusula 15º do PCAP, á valoración e clasificación por orde decrecente das proposicións achegadas, resultando o seguinte.-

EMPRESA	CRITERIO PREZO	CRITERIO ANTIGÜIDADE DO VEHÍCULO
GRUAS LEMOS, S.L.	75,65 PUNTOS	1 PUNTO
DESGRU MONFORTE, S.L.	90 PUNTOS	0 (*) PUNTOS

(*) De conformidade coa cláusula 15.2 do PCAP ao non ter achegado a documentación técnica do vehículo.


Por conseguinte, a clasificación final das empresas é a seguinte.-

POSTO	EMPRESA	CRITERIO PREZO
1º	DESGRU MONFORTE, S.L.	90 PUNTOS
2º	GRUAS LEMOS, S.L.	76,65 PUNTOS


Por canto antecede, a Mesa de Contratación, pola unanimidade dos seus membros, acorda propor ao órgano de contratación a adxudicación do contrato a prol da mercantil DESGRU MONFORTE, S.L., previo requirimento da documentación a que se refire a cláusula 18.2 do PCAP.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 10:20 horas, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O Presidente da Mesa




O Secretario da Mesa,




VOGAIS

A Concelleira Delegada de Réxime Interno



A Interventora Acctal,



O Concelleiro de Medio Rural e Servizos,



O Secretario Xral.,



O Inspector Acctal da Policía Local

